

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN PARA A DETECCIÓN DE CONSUMO DE SUBSTANCIAS PSICOACTIVAS MEDIANTE ANÁLISE DE AUGAS RESIDUAIS.

En Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio Gómez Caamaño, Conselleiro de Sanidade, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e no establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, actuando en virtude das atribucións que ten conferidas.

Doutra, D^a Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, de conformidade co Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia (en diante Augas de Galicia), na súa condición de presidenta da entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, actuando en virtude das atribucións que ten conferidas.

E doutra, D. Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC) segundo nomeamento efectuado polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo, actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, del Sistema Universitario, e do artigo 85 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A e sede social no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, CP 15782 de Santiago de Compostela.

As partes que interveñen recoñécense reciprocamente a plena capacidade xurídica e de obrar, así como a representación que respectivamente ostentan, asegurando que continúan vixentes nesta data os seus respectivos apoderamentos, e que teñen atribuídas as facultades suficientes para obrigarse, polo que, para ese efecto

MANIFESTAN

Primeiro.- Que a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e a Lei 5/2013, de 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, constitúen un marco de referencia para promover a colaboración dos organismos públicos de investigación e as empresas, co fin de dar unha resposta eficaz ás exigencias do cambio tecnolóxico.

Segundo.- Que a Consellería de Sanidade a través da Dirección Xeral de Saúde Pública ten entre os seus obxectivos a prevención, promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega e o desenvolvemento de programas sanitarios en materia de saúde pública.

Terceiro.- Que Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, en virtude do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Augas de Galicia ten competencias para adoptar medidas de protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e correspóndelle, como organismo de conca, as funcións de administración e control do dominio público hidráulico, conforme ao disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, e no Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo. No ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta entre outras.

Cuarto.- Que a USC é unha institución de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socio-económicos e as institucións públicas para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a valorización e a transferencia do coñecemento.

Quinto.- Que a Consellería de Sanidade, Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela desexan colaborar, mediante o establecemento de accións conxuntas que permitan desenvolver un indicador de uso de sustancias psicoactivas baseado na análise de augas residuais.

Sexto.- O presente convenio rexerase polo establecido na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

O convenio atende ao establecido na Lei 40/2015 de 1 de outubro, cumprindo cos requisitos de validez e eficacia, determinándose, entre outras cuestións, que a subscripción deste convenio no supón a cesión da titularidade de competencias, que contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública e a utilización conxunta de medios e servizos públicos contribuindo á realización de actividades de utilidade pública.

Sétimo.- Este convenio de natureza administrativa queda fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo do Consello de 26 de febreiro de 2014, segundo o establecido no artigo 6.1 da citada lei.

Así, o artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro determina que quedan excluídos do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados na mesma ou en normas administrativas especiais, celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

Neste caso trátase dun convenio establecido entre a administración sanitaria e unha universidade pública galega, que ten por obxecto actividades científicas e de investigación.

Ademais, a devandita lei condiciona dita exclusión ao cumprimento das seguintes condicións:

- a) Que as entidades intervenientes non deben ter vocación de mercado e ademais, queda excluído do convenio a obtención dun beneficio económico directo para as partes.
- b) Que o convenio estableza ou desenvolva unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles atinxen se prestan de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común.

Neste caso trátase dun estudo de investigación que pode contribuír a mellorar a saúde pública da poboación galega mediante a detección do consumo de substancias de abuso mediante a análise de augas residuais con fins epidemiolóxicos, ferramenta esta moi interesante á hora de complementar outros indicadores, xa que é anónima, obxectiva, cubre unha ampla poboación e é capaz de producir resultados de maneira rápida.

c) Que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

As partes, considerando que teñen uns obxectivos comúns, deciden unir os seus esforzos e acordan subscribir o presente convenio a fin de mellorar os seus respectivos cometidos, para o cal formalizan o presente documento de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

1. O obxectivo do presente convenio é obter datos obxectivos sobre o consumo de substancias de abuso en Galicia mediante o análise das augas residuais, que permitirá coñecer os niveis de consumo globais das substancias de maior consumo e eventualmente detectar a entrada de novas substancias (en adiante, Proxecto).

2. Para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente Convenio, realizaranse as seguintes actuacións:

a) Complementar servizos de alerta de uso de substancias novas que aparecen no mercado e que poden supoñer un risco para a saúde pública.

b) Realizar dúas campañas de recollida de mostras e posterior análise durante dúas semanas ao ano, en cinco Estacións Depuradoras de Augas Residuais (en diante, EDAR), en Galicia.

Segunda.- Actividades a realizar

Cada actividade realizarase de acordo cos termos e condicións que se contemplan no correspondente proxecto (Anexo 1).

Terceira.- Compromisos da Consellería de Sanidade

1. A Consellería de Sanidade financiará a investigación sobre análise de augas residuais cunha achega de cincuenta mil euros (50.000,00 €, IVE incluído), que se abonarán de acordo co establecido na cláusula sexta.

En todo caso a achega da Consellería de Sanidade concrétese exclusivamente no pagamento da cantidade indicada, polo que non será esixible calquera outra obriga económica, nin fiscal, nin laboral.

2. Así mesmo, a Consellería de Sanidade comprométese a:

- a) Facilitar información sobre recursos, medios e programas específicos que poidan ser de interese para o desenvolvemento das diferentes actividades.
- b) Difundir a participación e colaboración das entidades participantes no convenio en todas as actividades que se realicen no marco da investigación.

Cuarta.- Compromisos de Augas de Galicia

Aguas de Galicia, coa sinatura do presente convenio comprométese a:

- a) Cooperar co persoal investigador na recollida de mostras nas EDAR pertencentes á súa rede.
- b) Difundir a participación e colaboración das entidades participantes no convenio en todas as actividades que se realicen no marco da investigación.

Quinta.- Compromisos da Universidade de Santiago de Compostela

A Universidade de Santiago de Compostela, coa sinatura do presente convenio comprométese a:

- a) Proporcionar o espazo físico, de uso non necesariamente exclusivo, e os medios materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades de investigación de análise de augas residuais.
- b) Aportar profesionais cualificados e especializados na análise de augas residuais.
- c) Difundir a participación e colaboración das entidades participantes no convenio en todas as actividades que se realicen no marco da investigación.

Sexta.- Financiamento

A Consellería de Sanidade comprométese ao financiamento das actividades realizadas pola USC dende a partida orzamentaria 12.02.413A.640.0 (código de proxecto 201500455) para o ano 2025, por importe de 50.000,00€ (IVE incluído).

O pagamento realizarase do seguinte xeito:

- **Ano 2025: 50.000,00 €**

O pagamento do ano 2025 realizarase logo da presentación da factura correspondente por parte da USC. Esta factura será acompañada por unha memoria na que se recollan as actividades realizadas no ano 2025. Deberá presentarse antes do 20 de decembro de 2025.

Sétima.- Participación do persoal investigador e colaborador da Universidade de Santiago de Compostela

A USC poderá contratar persoal e/ou nomear como colaborador ao persoal técnico e administrativo que o bo funcionamento das actividades obxecto do presente Convenio requira, de acordo co establecido no Regulamento de colaboración do Persoal de Administración e Servizos da Universidade en Cursos e Convenios de investigación vixente na USC, e de acordo coa normativa vixente de incompatibilidades de persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Oitava.- Responsabilidade do traballo

Para o correcto seguimento do *Proxecto* desde o punto de vista científico-técnico os interlocutores válidos serán: desde a USC-iARCUS, o Dr. _____ como coordinador, ou persoa en quen delegue o/a director do iARCUS, e dende a Consellería de Sanidade, o/a xefe/a de servizo que, por razón da materia, estea vinculado á actividade de prevención de condutas adictivas.

Novena.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre a Consellería de Sanidade ou a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o persoal da USC que realicen as actividades obxecto deste.

Décima.- Dereitos de propiedade intelectual e industrial

1. Cada Parte seguirá sendo propietaria dos coñecementos previos aportados ao Proxecto. Non se consideran cedidos a outra Parte en virtude do presente Convenio ningún coñecemento previo aportado ao Proxecto.

2. A propiedade dos coñecementos xerados durante a execución do Proxecto, entendendo por tal aquelas patentes, solicitudes de patente, outros dereitos de propiedade industrial e intelectual, know-how e, en xeral calquera información técnica xerada por algunha das Partes, será propiedade compartida entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de

Santiago de Compostela.

Na medida que dito coñecemento xerado sexa susceptible de protección legal, as referidas Partes terán a cotitularidade dos dereitos de propiedade Industrial e Intelectual relativos ás invencións e/ou resultados que puideran derivarse dos traballos de investigación, podendo solicitar a súa protección por patente ou calquera outro medio axeitado de protección.

3. Tanto en publicacións como en patentes respectarase sempre a mención aos autores das actividades do traballo. En calquera dos casos de difusión farase sempre especial referencia ao presente Convenio.

4. As Partes cotitulares de coñecementos xerados susceptibles de protección legal acordarán de común acordo, no seu caso, todas as cuestións relativas aos dereitos de uso e de explotación comercial, consonte a Lei 24/2015, do 24 de xullo, de Patentes e demais normativa que resulte de aplicación.

5. No caso de existir beneficios económicos derivados dos dereitos de uso e de explotación comercial, as Partes comprométense a elaborar un acordo onde se especifique a proporcionalidade das mesmas.

Décimo primeira.- Cesión de dereitos

Ningunha das partes poderá ceder a un terceiro os dereitos e obrigas adquiridas en virtude do presente convenio, salvo expresa autorización por escrito das outras partes do convenio.

Décimo segunda.- Confidencialidade e difusión das actividades

As partes comprométense a manter anónima a procedencia exacta das mostras de auga, non difundir, baixo ningún concepto, calquera información referente a aspectos científicos, técnicos, ou de organización interna pertencente á outra parte, á que puidese ter acceso na execución deste convenio, agás que esas informacións sexan de dominio público.

As partes, de mutuo acordo, acordarán as accións de comunicación oportunas para a difusión dos resultados das actividades programadas.

En todas as comunicacións públicas relativas a esta investigación, en publicacións ou noutros medios de difusión, deberá constar a colaboración entre a Consellería de Sanidade, Augas de Galicia e a USC.

Décimo terceira.- Protección de datos e Publicidade do convenio

As partes do presente convenio respectarán todas as previsións legais establecidas na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación deses datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE.

A estes efectos, os datos persoais que figuran neste documento van a ser utilizados pola Universidade de Santiago de Compostela para a tramitación do procedemento de aprobación e execución do convenio, sen os cales non sería posible tramitalo.

A información adicional sobre protección de datos de carácter persoal na USC pode solicitarse no enderezo electrónico dpd@usc.es e se lle informará do responsable do tratamento, do delegado de protección de datos, dos fins do tratamento e a súa base xurídica, da lexitimación do tratamento, dos destinatarios dos seus datos e dos dereitos que se poden exercer.

Ase mesmo, a USC dispón dunha política de privacidade e protección de datos en:

- <http://www.usc.es/es/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>.

Tamén pode accederse a información adicional sobre protección de datos na web:

- <http://www.usc.es/es/normativa/protecciondatos/index.html>

A información sobre protección de datos da Consellería de Sanidade poderá solicitarse no enderezo electrónico: Delegado.Proteccion.Datos@sergas.es.

En aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, os datos relativos as partes asinantes, obxecto do convenio, prazo de duración, obrigados ás prestacións e no seu caso ás obrigas económicas convidadas, poden ser obxecto de publicación pola USC.

Décimo cuarta.- Comisión Mixta de Seguimento do Convenio

1. Para os efectos de favorecer o establecemento dunha comunicación fluída entre a Consellería de Sanidade, Augas de Galicia e a USC, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Saúde Pública.

Dita Comisión responsabilizarase da planificación, seguimento, avaliación e control das accións derivadas do presente convenio e dos compromisos adquiridos polas partes. Así

mesmo, resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir no desenvolvemento e execución do presente convenio.

2. A súa composición será a seguinte:

Pola Consellería de Sanidade:

- A persoa titular da Dirección Xeral de Saúde Pública que presidirá as reunións da Comisión, ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da Subdirección Xeral de Estilos de Vida Saudables, ou persoa en quen delegue.

Por Augas de Galicia:

- A persoa titular da Dirección de Augas de Galicia, ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da xefatura do Servizo de Xestión de Abastecementos e Saneamentos de Augas de Galicia, ou persoa en quen delegue.

Pola USC:

- O/A vicerreitor/a con competencias en investigación e innovación, ou persoa en quen delegue.
- O/A director/a do iARCUS, ou persoa en quen delegue.

A secretaría desta comisión será exercida polo/a xefe/a de servizo que, por razón da materia, estea vinculado á actividade de prevención de condutas aditivas na Consellería de Sanidade, que actuará con voz pero sen voto.

3. O réxime de funcionamento interno da Comisión será o previsto na Sección Terceira, do Capítulo I do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, relativo ao funcionamento dos órganos colexiados no ámbito autonómico.

4. Corresponderá á Comisión mixta de Seguimento:

- Recibir información puntual sobre a marcha das actividades e proxectos programados.
- Promover e a intervención doutras entidades que desexen colaborar neste proxecto en temas de interese común que favorezan a consecución dos seus obxectivos.
- Deliberar sobre calquera cuestión que poida xurdir relacionada con este proxecto.
- Resolver as posibles controversias respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio de colaboración.

Décimo quinta.- Vixencia, prórroga e modificación do convenio

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura e terá unha vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

O convenio poderá ser modificado a proposta da Comisión de Seguimento do Convenio e previo acordo das partes.

En calquera momento, antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, as partes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata dous anos adicionais salvo denuncia expresa dalgunha das partes, formulada cunha antelación mínima de dous meses ao vencemento do prazo inicial. Co obxecto de realizar actividades preparatorias, poderanse incluír os gastos realizados desde o 1 de maio de 2025.

Décimo sexta.- Causas de extinción e efectos da resolución

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Serán causas de resolución, nos termos previstos no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro:

- a) O transcurso do prazo de vixencia sen que se acordase a prórroga do convenio.
- b) O mutuo acordo das partes.
- c) O incumprimento, total ou parcial, das obrigas e compromisos asumidos polos asinantes. Neste caso, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se considerasen incumpridos. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o efectuase notificará a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no ordenamento xurídico.

Os efectos da resolución serán os previstos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Décimo sétima.- Natureza e xurisdición

1. Este convenio ten natureza administrativa quedando sometido ao réxime xurídico dos convenios previsto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

2. De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

3. As discrepancias xurdidas sobre a interpretación, desenvolvemento, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio, resolveranse pola Comisión Mixta de Seguimento regulada no mesmo. Se non se chegara a un acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

Décimo oitava.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En proba de conformidade coas anteriores estipulacións, as partes asinan por triplicado e a un só efecto o presente convenio no lugar e data que figuran no encabezado.

Pola Consellería de Sanidade

Por Augas de Galicia

Pola Universidade
de Santiago de Compostela

D. Antonio Gómez Caamaño

D^a. Ángeles Vázquez Mejuto

D. Antonio López Díaz

ANEXO I

1. Obxectivo:

O obxectivo deste convenio é obter datos obxectivos sobre o consumo de substancias de abuso en Galicia empregando un novo indicador:

- Análise de augas residuais: que permitirá coñecer os niveis de consumo globais das substancias de maior consumo e eventualmente detectar a entrada de novas substancias.

2. Plan de traballo

A continuación detállase o plan de traballo previsto para a análise de augas residuais. As actividades serán coordinadas desde a USC, exercendo o Dr. como coordinador, ou persoa en quen delegue o/a director/a do iARCUS.

- **Análise de augas residuais**

Nesta tarefa está previsto recoller mostras de cinco depuradoras de augas residuais urbanas (EDAR).

En cada EDAR tomaranse mostras durante unha semana completa (7 mostras por EDAR, é dicir 1 diaria) na primeira metade do ano (campaña 1) e mostras durante outra semana completa na segunda metade do ano (campaña 2). A toma de mostras farase procurando evitar festividades ou eventos que alteren os patróns de base de consumo en cada unha das localidades.

As substancias a analizar serán as seguintes:

- En todas as mostras: análise cuantitativo de anfetamina, metanfetamina, MDMA (éxtase), benzoilecgonina (metabolito da cocaína), carboxi-THC (metabolito do THC), ketamina; etil sulfato (metabolito do etanol) e fentanilo.
- Mostras da fin de semana: realizaríase unha mostra composta de cada EDAR dos días da fin de semana sobre as cales se levara a cabo unha análise cualitativa (*screening*) empregando cromatografía de líquidos combinada con espectrometría de masas de alta resolución e bibliotecas de espectros comerciais ou de acceso libre (ex.

HighResNPS) para procurar a posible presenza doutras sustancias de abuso, e en particular análogos do fentanilo, nitazenos e outros opioides sintéticos; e metabolitos do consumo de crack, empregando unha nova metodoloxía analítica.

Cos resultados analíticos, datos de caudais das EDAR e poboación servida por estas, elaboraranse cálculos de residuos de sustancias normalizados por día e 1.000 habitantes e cando sexa posible tamén de consumo por día e 1.000 habitantes.

A planificación cronolóxica desta tarefa sería a seguinte:

1. Planificación xeral da toma de mostras: Maio 2025
2. Toma das mostras da campaña 1, recollida de datos das EDAR (caudais, etc.) e envío ao laboratorio: Xuño 2025
3. Análise das mostras: Xuño-Agosto 2025
4. Análise e interpretación dos resultados e informe intermedio breve que recollerá só resultados especialmente relevantes: Setembro 2025
5. Planificación da toma de mostras da campaña 2: Xullo-Agosto 2025
6. Toma das mostras da campaña 2, recollida de datos das EDAR (caudais, etc.) e envío aos laboratorios de análise das mesmas: Setembro-Outubro 2025
7. Análise das mostras: Outubro-Decembro 2025
8. Análise e interpretación dos resultados e informe final cos datos completos, incluíndo táboas de datos: Decembro 2025

3. Medios materiais e humanos

Para a realización deste estudo necesitanse diversos medios materiais, dispoñibles no laboratorio do grupo de investigación de Cromatografía e Quimiometría (ChromChem), adscrito ao Instituto de Investigación do Medio Acuático para Unha Saúde Global (iARCUS) da USC que ademais coordina a rede ESAR-Net (<https://www.esarnet.es/sobre-nosotros/>). Isto inclúe sistemas de preparación de mostra (filtración, extracción en fase sólida, evaporación, etc.) e sistemas de cromatografía de líquidos e de gases acoplados a espectrometría de masas (LC-MS e GC-MS), tanto con analizadores de tipo triple cuadrupolo (QqQ) como de alta resolución de tipo cuadrupolo-tempo-de-voo (QTOF).

O grupo ChromChem dispón dun sistema LC-QQQ (Waters Acquity UPLC + Xevo TQD), dous sistemas LC-QTOF (Agilent 1290 + Agilent QTOF 6590 e Agilent 6520) e un sistema GC-QTOF (Agilent 6890 + Agilent 7200 QTOF).

En canto aos recursos humanos necesarios, o equipo ChromChem conta con diverso persoal permanente e non permanente con probada experiencia no ámbito de estudo deste proxecto , incluíndo (entre outros):

- 2 catedráticos de universidade e 1 profesora axudante doutora

- 1 investigadora colaboradora contratada

- 1 investigador predoutoral

4.Coordinación, execución e seguimento do proxecto

Os investigadores da USC, e en particular o coordinador xeral deste convenio, , ou persoa en quen delegue o/a director/a do iARCUS, serán os responsables de coordinar as actividades do mesmo a nivel operativo, tal e como se describe no apartado anterior. Serán os responsables de coordinar as mostraxes, carga de traballo, envíos e xeración de informes.

En canto ao seguimento, como se mencionou no apartado anterior, presentaranse 2 informes:

- Informe intermedio (Setembro) onde se presenten de maneira moi breve os resultados máis relevantes da primeira campaña de análise de augas residuais.
- Informe final (Decembro) onde se presenten todos os resultados das 2 campañas de análises de augas residuais, principais conclusións e datos en forma de táboas.

Alén dos informes, a finais de ano (entre Setembro e Decembro) organizarase unha reunión, que poderá ser telemática, onde se presentarán os principais resultados obtidos no proxecto ata o momento e se discutiran potenciais accións de mellora ante unha eventual extensión do convenio en anualidades posteriores. Nesta reunión participarán os responsables da USC e as persoas que designe a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Ademais, a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia poderá solicitar a celebración de reunións *ad hoc* para tratar a evolución do convenio, se así o estima oportuno.

ORZAMENTO

TOTAL 50.000,00€ (IVE incluído)

Toma de mostras (562,231€/semana) – 2 semanas X 5 EDAR en Galicia	5.622,31€
Análise de mostras de auga residual de 2 campañas en 5 EDAR de Galicia (510€/mostra = 3.570€/semana)	35.700,00€
TOTAL sen IVE	41.322,31€
IVE 21%	8.677,69€
TOTAL IVE INCLUIDO	50.000,00€